

## POLÍTICA DE IGUALDADE

Ángel Paredes Galán, en calidade de director científico do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE), e con relación á Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e á Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, manifiesta o seu total compromiso coa garantía da integración da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no instituto como un principio básico e transversal, cumprindo cos obxectivos de desenvolvemento do Instituto establecidos no seu plan estratéxico.

Así mesmo, declara o seu compromiso co fomento do principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes en todos os ámbitos e actividades que se desenvolvan no IFCAE, e asume o encargo de constituír unha Comisión de Igualdade que impulse medidas no ámbito das competencias do centro para conseguir a igualdade real no mesmo, que asegure a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo.

Ademáis, o IFCAE conta cun Plan de Igualdade propio, *I Plan de Igualdade entre mulleres e homes*, enmarcado nas políticas de igualdade europeas, cos seguintes eixos:

- Eixo 1. Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar.
- Eixo 2. Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais organizativas da universidade.
- Eixo 3. Docencia, investigación e transferencia do coñecemento con perspectiva de xénero.
- Eixo 4. Traballar e estudar na universidade en igualdade e promover unhas condicións sociolaborais con perspectiva de xénero.

O dito Plan pode ser consultado polo persoal investigador e o resto de integrantes na páxina web do instituto, que conta cunha sección adicada á Igualdade. A implantación, avaliación e seguimento do Plan de Igualdade do IFCAE son responsabilidade da Comisión de Igualdade. O IFCAE posee a figura de Enlace de Igualdade, ponte entre o instituto e a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Fdo. Ángel Paredes Galán,  
Director Científico de IFCAE.